



Concello de Moaña

BASES PARA O CONCURSO QUE PASA TRONCO?

A Concellaría de Cultura do Concello de Moaña convoca a partir do 18 de novembro de 2020 un concurso de debuxo para tallar no tronco que está na praza do Concello de Moaña

QUEN PODE PARTICIPAR

O concurso está aberto a toda aquela persoa que queira participar.

CARACTERÍSTICAS DO DEBUXO:

1. Os traballos serán elaborados en formato DINA4
2. Poden realizarse en soporte papel ou en formato dixital (JPG ou PDF)
3. Coa idea de que a escultura resultante represente Moaña, o tema do debuxo gardará relación coa contorna na que está situado o tronco (a carón dun parque, fronte ao mar, integrado nun xardín,...)
4. Podes participar con cantos debuxos queiras

CRITERIOS DE VALORACIÓN

Dado o carácter artístico do concurso, non procede establecer un criterio de valoración por puntos. Valorarase a calidade do debuxo, a adecuación á contorna da proposta e a relación desta coa vila de Moaña.

PRAZO:

O prazo para entregar o debuxo rematará o xoves 17 de decembro de 2020.

ENTREGA:

No punto de información que está situado na entrada da Casa do Concello ou no enderezo electrónico culturaedeporte@concellodemoaña.org

IDENTIFICACIÓN:

Os datos das persoas participantes deberán ir escritos nun lateral de cada A4 entregado, indicando nome e apelidos, número de teléfono de contacto e enderezo do correo electrónico.

PREMIO:

A persoa gañadora, ademais do que supón o orgullo de ter unha obra súa representada nunha escultura, recibirá un cheque por valor de 300 €.

Concello de Moaña

Rúa As Barxas, 2, Moaña. 36950 (Pontevedra). Tfno. 986310100. Fax: 986310104





Concello de Moaña

XURADO:

Carlos Juncal Costa

Coral Ríos Santomé

José Antonio Ferverza Otero

María Hernández González

Paula Soto Viñas

PUBLICACIÓN:

Tanto as bases como a persoa gañadora do concurso publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello, na páxina web www.concellodemoaana.org, no Facebook e nos centros educativos de ESO de Moaña.

O tronco do Concello tallarase co deseño ganador por un artista profesional da talla que representará o debuxo no tronco da forma máis fiel posible.

A participación nesta convocatoria implica a aceptación das súas bases e do fallo do xurado que será inapelable e que coñeceremos o luns 21 de decembro.

O premio poderá declararse deserto.

Moaña, 18 de novembro de 2020

O concelleiro de Cultura

Carlos Juncal Costa

Documento asinado dixitalmente na marxe

Concello de Moaña

Rúa As Barxas, 2, Moaña. 36950 (Pontevedra). Tfno. 986310100. Fax: 986310104



Cod. Validación: 956LCL6SNRLYPK4EJLZN46TR | Corrección: <https://concellodemoaana.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona [es:Publico](https://www.xestiona.es) | Páxina 2 a 2